

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 30.10.2020 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de outubro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 843 (11/PNC-000054)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Porro Martínez, María Corina e 14 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ante o Concello de Vigo para acadar a cesión do espazo para a edificación da futura biblioteca pública de Vigo e ante o Goberno central para que incorpore aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 unha partida específica para a súa construción
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 9, do 02.09.2020
- 1.2 2384 (11/PNC-000243)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a consignación polo Goberno galego, para o ano 2021, dunha partida orzamentaria para o cumprimento das obrigas derivadas da catalogación do parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, a reversión do seu estado de deterioración e o seu retorno ao uso e aproveitamento público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020
- 1.3 3095 (11/PNC-000350)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coa adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable dos centros públicos de ensino e a súa distribución
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020
- 1.4 3208 (11/PNC-000361)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Concello de Santiago de Compostela referido á

implantación dun conservatorio profesional de danza nesa cidade, así como para facilitar esas ensinanzas ao alumnado residente no centro-sur de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020

- 1.5 3327 (11/PNC-000378)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego tendentes a construír un conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2020

Martín Fernández Prado
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Martín Fernández Prado

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Noa Susana Díaz Varela

S

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

Daniel Castro García

BNG

José Luis Ferro Iglesias

P

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

BNG

Marta Nóvoa Iglesias

P

Mercedes Queixas Zas

BNG

Ovidio Rodeiro Tato

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 30.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 30.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 843(11/PNC-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e 14 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ante o Concello de Vigo para acadar a cesión do espazo para a edificación da futura biblioteca pública de Vigo e ante o Goberno central para que incorpore aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 unha partida específica para a súa construción

Publicación iniciativa carácter urxencia, 9, 02.09.2020

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Corina Porro Martínez, Marta Fernández Tapias Núñez, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Antonio Rodríguez Miranda, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento de Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei** para o seu debate en **Comisión 4ª; Educación e Cultura polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

Exposición de motivos:

Ao longo dos últimos anos, os veciños de Vigo levan reclamando a necesidade dunha nova biblioteca pública, ante a altísima demanda deste tipo de equipamentos culturais na cidade.

O Goberno central e a Xunta de Galicia acordaron que o primeiro asumiría a construción da nova biblioteca e a Xunta asumiría a súa xestión e os custos de persoal. Pola súa banda, o Concello de Vigo debería ceder unha parcela axeitada para a súa construción.

Nestes momentos, a Xunta de Galicia presentou en tempo e forma o Informe de Necesidades, documento onde se recollen as características e

investimentos necesarios para a construción dunha biblioteca pública axeitada para satisfacer as demandas dos veciños da cidade.

Pola súa banda, o Concello de Vigo aínda non realizou a cesión dos terreos para a edificación, paso indispensable, sen o cal o Goberno central non pode redactar o prego técnico de condicións para licitar a obra.



Ademais, na súa visita a Vigo, no contexto da campaña electoral, o Ministro de Cultura prometeu que o investimento necesario estaría recollido nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano próximo, sen que volveramos a ter noticias deste compromiso unha vez rematada a campaña.

Por estas razóns:

O Parlamento de Galicia insta:

- 1.- Ao Goberno galego a reclamar ao Concello de Vigo que realice, coa maior brevidade posible, a cesión do espazo para a edificación da futura Biblioteca Pública de Vigo.
- 2.-Ao Goberno central a incorporar aos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 unha partida específica para a construción da futura Biblioteca Pública de Vigo, coas características e investimentos demandados pola Xunta de Galicia no informe de necesidades presentado ao Ministerio de Cultura.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 16:06:02

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 16:06:27

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 16:06:48

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 16:07:12

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 16:07:35

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 16:08:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 843
Data envío: 26/08/2020 16:35:00.629

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 16:09:12

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 16:09:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 16:10:10

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 16:10:50

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 16:11:16

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 16:11:35

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 16:12:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 16:13:02

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 16:15:44

Borja Verea Fraiz na data 26/08/2020 16:16:11



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 30.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 2384(11/PNC-000243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a consignación polo Goberno galego, para o ano 2021, dunha partida orzamentaria para o cumprimento das obrigas derivadas da catalogación do parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, a reversión do seu estado de deterioración e o seu retorno ao uso e aproveitamento público

Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:51:05
Nº Rexistro: 2384
Data envío: 23/09/2020 13:51:05.974

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa ao compromiso da Xunta coa recuperación do Pasatempo de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG número 35 do 20 de febreiro de 2020 publícase o Decreto 23/2020 polo que se declara ben de interese cultural o Parque do Pasatempo de Betanzos (A Coruña), co apoio unánime do Parlamento en pleno celebrado o 6 de novembro de 2018 a iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego.

Recoñécese con este nivel de protección “un xardín de características moi singulares, que o fan único e sen igual na xardinaría galega, ademais de representar un testemuño cualificado da obra filantrópica dun indiano que se enmarca no estilo e actitude ecléctica que caracterizou a arquitectura galega de finais do século XIX e principios do XX”.

A Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia declara que integran o patrimonio artístico de Galicia «as manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Galicia». E, de forma excepcional, o Parque do Pasatempo presenta como marca de identidade persoal a conxunción de boa parte delas, o que o converte nunha obra de arte senlleira, galega e universal.

CSM-REXISTRO7fnc4d6Wom9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:51:05
Nº Registro: 2384
Data envío: 23/09/2020 13:51:05.974

Recoñécese nesta declaración como BIC que o Parque do Pasatempo, herdanza dos irmáns García Naveira, “é unha obra senlleira pola súa singularidade e fráxil polo abandono e as agresións a que estivo sometido, o que o converte nun ben vulnerable que require de maneira urxente afondar na súa protección e adecuada xestión”.

Unha singularidade que viñemos vendo seriamente ameazada desde hai anos até a actualidade en que a urxencia para comezar coas obras de protección e recuperación é máxima perante o risco de perder unha alfaia patrimonial definitivamente.

O abandono progresivo, as filtracións de auga ou a acción da pasarela que atravesa a estrada para comunicar ambas marxes con acceso ao parque e que está a exercer unha forte carga sobre o muro exterior reclaman unha intervención protectora de urxencia que evite a súa integridade física e mais a perda do alto valor simbólico monumental deste xardín histórico.

Unha urxente recuperación e un decidido proxecto de posta en valor imprescindible para un solemne conxunto artístico patrimonial longamente adiado e desatendido por todas as Administracións, que veu sendo reclamado pola Asociación de Amigos do Pasatempo e mais o BNG de Betanzos, afortalando un importante, sensíbel e crecente apoio social.

A catalogación como BIC implica o deber de conservar, manter e custodiar debidamente este ben inmóbel e evitar a súa perda, destrución ou deterioración.

O 9 de outubro de 2018 o deputado do BNG, Xosé Luís Rivas Cruz, defendeu neste Parlamento unha proposición non de lei onde instaba a “Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación consonte os compromisos anunciados por todos estes gobernos”.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:51:05
Nº Rexistro: 2384
Data envío: 23/09/2020 13:51:05.974

Mais, para alén deste compromiso teórico, dous anos despois aínda nada se sabe de compromisos económicos asumidos polo goberno galego que concretasen os sucesivos anuncios para a rehabilitación do pasatempo en colaboración coas distintas administracións.

Recentemente, a Deputación da Coruña e mais o Concello de Betanzos asinaron un primeiro compromiso económico para pór en andamento a primeira fase de consolidación do parque por un importe de 525.000 euros dunha obra de restauración total valorada en 3 millóns de euros.

Para dar cumprimento á colaboración entre Administracións, cómpre que, sen máis dilación, o goberno galego se comprometa coa protección e recuperación deste ben público implicando crédito para a salvagarda desta representación da memoria do noso País inserido na cultura universal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a se sumar á administración local e provincial e así reservar unha partida orzamentaria neste 2021 que contribúa a cumprir coas obrigas propias da catalogación de BIC para o Parque do Pasatempo que reverta o seu dramático estado de deterioro e o retorne ao uso e goce público.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2020 13:51:05
Nº Registro: 2384
Data envío: 23/09/2020 13:51:05.974

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Deputada e deputado do G.P. do BNG
Manuel Lourenzo Sobral
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2020 13:45:47

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2020 13:45:51

Daniel Castro García na data 23/09/2020 13:46:05

CSX: REXISTRO7md4c6Wom9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 30.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3095(11/PNC-000350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coa adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable dos centros públicos de ensino e a súa distribución

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e a ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 1 de outubro de 2020 tratou o Informe sobre o incremento de gastos de funcionamento dos centros escolares públicos para afrontar a situación de pandemia derivada da covid-19 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Segundo se desprende da información publicada, a Xunta de Galicia vai incrementar en 23,5 millóns de euros (M€) os fondos dispoñibles para facer fronte ás necesidades derivadas da covid, apoiar ás familias con menos recursos e blindar as aulas como espazos seguros, por un lado incrementando en 16,5 M€ os gastos ordinarios para este primeiro trimestre do curso 2020/21 e creando a chamada *Reserva de Garantía Educativa* que se dota con 7 M€, o que debemos considerar unha boa nova, posto que, como veu demandando con insistencia este grupo parlamentario, non se debería contemplar que non se puidesen adquirir materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade lectiva ordinaria porque a adquisición dos materiais de limpeza necesarios e a xestión dos residuos o impedisese; debemos ter presente que como as propias memorias dos orzamentos do Goberno explican, os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garanten a súa autonomía e posibilitan dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios, o que constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

Non obstante, hai extremos desta iniciativa que resultan preocupantes por canto descargan sobre os centros a responsabilidade da adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable, así como da determinación do alumnado ao que se lle repartirían esas máscaras, posto que todo canto se di na nova é que “con cargo a esta Reserva de Garantía Educativa, os centros educativos poderán adquirir máscaras hixiénicas certificadas para o alumnado máis vulnerable, tomando como referencia os estándares que se aplican para o sistema de axudas de libros de texto”.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 11:58:21
Nº Rexistro: 3095
Data envío: 07/10/2020 11:58:21.561

Trátase en definitiva dunha decisión cuxa administración carga sobre os centros unha importante responsabilidade, polo que parece necesario que coa máxima urxencia se diten instrucións precisas para administrar de xeito equitativo esta necesaria pero insuficiente medida.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a elaborar normativa suficiente para que a adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable, así como a determinación do alumnado ao que se lle repartirían esas máscaras se faga de forma que se garanta que a aplicación desta medida non dea lugar a resolucións diferentes ante idénticas condicións do alumnado dependendo dos centros educativos.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/10/2020 11:52:03

Noa Susana Díaz Varela na data 07/10/2020 11:52:21

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/10/2020 11:52:36



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 30.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 3208(11/PNC-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Concello de Santiago de Compostela referido á implantación dun conservatorio profesional de danza nesa cidade, así como para facilitar esas ensinanzas ao alumnado residente no centro-sur de Galicia

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:49
Nº Rexistro: 3208
Data envío: 08/10/2020 12:52:49.615

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Iria Carreira Pazos e dos deputados Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O currículo formativo galego está composto por ensinanzas de réxime xeral, especial, adultas e universidade.

Entre as ensinanzas de réxime especial están os estudos profesionais de danza, que teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza.

Os estudos de danza contan cunha peculiaridade, en relación con outras ensinanzas, mesmo as consideradas artísticas. Os bailaríns e as bailarinas exprésanse a través dos seus propios corpos e cursan uns estudos que teñen como meta o exercicio profesional. Por isto, a importancia do rendemento físico e as posibilidades do corpo das intérpretes como instrumento de traballo fan necesario que o seu período de formación inicial remate nunha idade temperá.

En Galiza, o único centro de danza profesional dependente da Consellería de Educación que existe é o Conservatorio Profesional de Danza de Lugo (dende o curso 2003/04). No mesmo, impártese o grao elemental e profesional de danza– nas

CSM-REXISTROFDV09AW049
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:49
Nº Rexistro: 3208
Data envío: 08/10/2020 12:52:49.616

especialidades clásica e contemporánea – mediante o cal o alumnado obtén, ao seu remate, o Título Profesional de danza onde consta a especialidade cursada.

Transcorridos dezasete anos da apertura deste Conservatorio de Danza en Lugo, conséntase que non está debidamente atendida a demanda social en Galiza, tal e como confirma a Plataforma pola creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Compostela.

Esta plataforma xurdiu ao abeiro dunha iniciativa aprobada polo pleno do Concello de Santiago de Compostela en novembro de 2019 (tras a presentación polo BNG), sen recibir ningún voto en contra. Na mesma, o Concello comprométese “a xestionar coa Xunta de Galicia a colaboración necesaria para implantar un Conservatorio de Danza en Santiago de Compostela”.

Unha demanda sustentada, por unha banda, en datos ben relevantes recompilados pola devandita Plataforma a respecto do importante volume de alumnado asistente a escolas e academias privadas na cidade de Santiago e na súa contorna, así como na oferta de actividades extraescolares nos diferentes CEIPs. E, pola outra, nas máis de 4.000 sinaturas que leva recollidas esta Plataforma nunha campaña informativa que aínda segue aberta.

A demanda social sustenta esta petición de ampliar a oferta de prazas de formación en estudos profesionais de danza na cidade de Compostela (centro xeográfico do país e con posibilidades de dar servizo a unha ampla poboación para alén do propio concello), mais non como un fin en si propio, senón como un primeiro paso que dea resposta á demanda e, ao tempo, leve aparelada a realización dun necesario estudo que ofrezca a radiografía das necesidades de formación en estudos profesionais de danza para cubrir o conxunto do país.

CSX: REXISTRO FDFVOnAwO49
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:49
Nº Rexistro: 3208
Data envío: 08/10/2020 12:52:49.616

Ademais, a importancia cultural e económica que se desenvolve arredor do mundo da danza e das artes en xeral, fai que a súa expansión sexa unha oportunidade real de reactivación sociolaboral para o conxunto de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a se sumar ao acordo conseguido no Concello de Santiago de Compostela e se comprometer coa próxima construción dun Conservatorio Profesional de Danza nesta cidade e incluír este proxecto nos orzamentos de 2021.

Asemade, insta o goberno galego a planificar a dotación de conservatorios de danza que vertebre o territorio, para facilitar os estudos profesionais ao alumnado que reside no centro-sur do país.”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSX4 REXISTRO FDFV OnAwO49
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:49
Nº Registro: 3208
Data envío: 08/10/2020 12:52:49.616

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 08/10/2020 12:48:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2020 12:48:31

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 12:48:41

Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2020 12:48:57

CSV, REGISTRO FDFVOnAwC49
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 30.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 3327(11/PNC-000378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego tendentes a
construír un conservatorio profesional de danza en Santiago
de Compostela

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:23:28
Nº Rexistro: 3327
Data envío: 08/10/2020 18:23:28.498

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Os conservatorios profesionais son dotacións e contedores culturais que ademais de achegar valores educativos e artísticos supoñen unha vía máis de formación profesional, ou sexa, unha oportunidade laboral para quen cursa estudos neles.

En Galicia existen varios conservatorios profesionais e dous superiores de música, dependentes todos eles da Xunta de Galicia, non obstante só hai un profesional de danza, en Lugo, e outro na cidade da Coruña dependente da Deputación.

Santiago de Compostela é unha cidade cun forte peso cultural no noso país, ademais de ser cidade universitaria, e, por iso, parece razoable establecer nesa cidade unha nova dotación educativa nesa disciplina artística, como así se vén demandando por parte da cidadanía compostelá desde hai case unha década. Proba diso, nos últimos meses de 2019, un mes recoleu a Plataforma para a Creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela. A petición foi aprobada ademais no Pleno do Concello de Santiago.

A construción deste conservatorio profesional de danza suporía unha oportunidade magnífica para todas aquelas persoas que desexen formarse nesa disciplina artística e non teñan a posibilidade de se trasladaren á cidade de Lugo e mesmo á Coruña. A situación xeográfica privilexiada da capital galega abriría así as portas non só á cidadanía compostelá e da contorna, senón tamén doutras partes de Galicia.

Trátase de profesionalizar unha disciplina que conta cun enorme interese por parte da cidadanía e unha gran demanda na cidade de Santiago, con máis de 1.700 persoas matriculadas en escolas privadas que sen dúbida se verían beneficiadas con este conservatorio, como así o teñen manifestado algunhas delas.

CSM-REXISTROJXK-L0okb5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:23:28
Nº Registro: 3327
Data envío: 08/10/2020 18:23:28.498

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a construír en Santiago de Compostela un Conservatorio Profesional de Danza.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/10/2020 18:21:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2020 18:21:42

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 18:21:54

CSX: REXISTRO/kxulL0hd5
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>

